

BANDO

LIMPEZA FINCAS E XESTIÓN DA BIOMASA

Que en aplicación da Lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia, e en concreto o disposto no artigo 22, e a Ordenanza municipal reguladora da Limpeza e Valado de Terreos e de Solares do concello de Castrelo do Val, e en concreto o disposto no artigo 5, **FAISE SABER:**

1. Que as persoas **propietarias, arrendatarias, usufrutuarias ou responsables** das parcelas situadas no ámbito das **Faixas Secundarias** de Protección así como nos terreos situados en solo **urbano, urbanizable ou de núcleo rural**, teñen a **OBRIGA**, de limpar e xestionar a biomasa vexetal antes do 31 de maio, tendo que estar as parcelas debidamente limpas.

2. Sobre as **Árbores, non poden invadir os viais públicos**, e deberán estar situados a unha distancia mínima de 2 metros do peche da parcela.

3. **As fincas que limiten con estradas**, deben manter limpa unha franxa de 4 metros onde haxa frondosas e 6 metros onde haxa pinos e/ou eucaliptos.

4. A **limpeza e desbroce** é un **DEBER** que teñen todos os propietarios e titulares dos terreos afectados, evitando que existan situacións de perigo ou risco para vivendas e incluso para os nosos veciños **como ocorreu no pasado verán.** →



O PRAZO VOLUNTARIO PARA A LIMPEZA REMATA O 31 DE MAIO.

Será de aplicación as **SANCIÓNS** procedentes segundo a normativa vixente.

As distancias son as seguintes:

- **Dentro do Núcleo é OBRIGATORIO ter todas as parcelas limpas e desbrozadas.**
- **Nos 50 metros dende o límite do núcleo NON poderá haber maleza min especies pirófitas (piñeiros, eucaliptos, acacias...)**

O que se fai público para interese xeral

Castrelo do Val, 31 de marzo de 2026

A Alcadesa en Funcións,

Asdo. M^a Del Mar Valle Alvarez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

Ayuntamiento de Castrelo do Val

RÚA Toural 15, CASTRELO DO VAL. 32625 (Ourense). Tfno. 988419002. Fax: 988419122

